

Don Dinís

Senhor, en tan grave día
vos vi que non podería
mais; e por Santa María
que vos fez tan mesurada,
doédevos algún día
de mi, senhor ben talhada.

Pois sempre ha en vós mesura
e todo ben e cordura,
que Deus fez en vós feitura
qual non fez en mulher nada,
doédevos algún día
de mi, senhor ben talhada.

E por Deus, senhor, tomade
mesura por gran bondade
que vos el deu, e catade
qual vida vivo coitada,
e algún doo tomade
de mi, senhor ben talhada.

A presente composición é obra do rei Don Denís, que viviu dende 1261 a 1325 e foi o autor que maior número de composicións nos deixou nos Cancioneiros. Consérvanse cento trinta e oito cantigas súas, das cales setenta e tres son de amor, cincuenta e unha de amigo, once de escarnio e tres pastorelas.

É unha *cantiga de amor* na cal aparece un bo número dos tópicos que conforman a singularidade da cantiga de amor galego-portuguesa fronte á *cançó* provenzal. Nas súas tres estrofas (ou cobras), o trobador invoca a *senhor* para que se apiade del pola coita que padece dende o momento en que a viu. A súplica é o tema principal da cantiga, reforzado polo último par de versos de cada estrofa, onde está incluído o refrán.

A primeira estrofa comeza cun dos tópicos máis comúns da cantiga de amor, isto é, o amor a primeira vista. O motivo da primeira visión como orixe da coita ten, na maioría dos casos, un enfoque negativo e son comúns as expresións de maldición do día en que tivo lugar ese primeiro encontro, tal e como acontece na cantiga de Don Denís: *Senhor, en tan grave día / vos vi que non podería / mais*).

Na segunda estrofa introdúcese o tópico da descrición da amada. Como manda a tradición da lírica amorosa galego-portuguesa, a amada é unha dama abstracta, idealizada e intanxible, de aí que a descrición sempre empregue fórmulas moi vagas relativas á súa maneira de ser (*tan mesurada; sempre ha en vós mesura / e todo ben e cordura; por gran bondade / que vos el deu*), á súa fermosura (*que Deus fez en vós feitura / qual non fez en mulher nada*) ou ao talle perfecto (*senhor ben talhada*).

Na terceira e última estrofa faise referencia explícita ao trazo máis peculiar da escola galego-portuguesa: a coita (*e catade / qual vida vivo coitada*). Fronte ao amor físico e ao *joi* (alegría) da *cançó*, na cantiga de amor galego-portuguesa predomina o amor platónico e a frustración amorosa que se traduce na coita de amor.

Polo que respecta á forma da composición, esta é unha cantiga de refrán, posto que presenta un retrouso ao final de cada cobra (*de mi, senhor ben talhada*). Este trazo compárteno parte das cantigas de amor –as que non son de mestría– coas cantigas de amigo. O paralelismo propio das cantigas de amigo tamén está presente nesta composición e prodúcese entre os penúltimos versos das dúas primeiras estrofas, versos que anteceden o refrán (*doédevos algún día / de mi, senhor ben talhada*). Na última estrofa, este verso sofre unha variación que rompe o paralelismo (*e algún doo tomade / de mi, senhor ben talhada*), o que serve para acentuar a súplica dirixida á *senhor*.

O esquema métrico é *a a a b a R (B); c c c b a R; d d d b d R* con versos octosílabos, típicos das cantigas de amor. Posto que o tipo de rimas é diferente para cada unha das estrofas, estas reciben o nome de *cobras singulares*. A rima é consonante e femia, xa que os versos rematan en sílaba grave.

Polo que acabamos de comentar, esta cantiga de amor é un exemplo representativo da escola galego-portuguesa, tanto pola súa forma (neste caso por ser unha cantiga de refrán, forma que comparte coas cantigas de amigo, xenuinamente galegas) como polo seu contido (ao apareceren os tópicos da gabanza da dama e da coita por amor propios desta escola trobadoresca).

Comentario dunha cantiga de amor

Quer'eu em maneira de proençal A
fazer agora um cantar d'amor B
e quereí mui'ti loar mia senhor B
a que prez nem fremeosura nom fal, A
nem bondade; e mais vos direi ém: C
tanto a fez Deus comprida de bem C
que mais que todas las do mundo val. A

Ca mia senhor quixo Deus fazer tal, A
quando a faz, que a fez sabedor B
e todo bem e de mui gram valor, B
e com tod'est[o] é mui comun'al A
ali u deve; er deu-lhi bom sém, C
e desi nom lhi fez pouco de bem C
quando nom quis lh'outra foss'igual A

Ca mia senhor nunca Deus pôs mal, A
mais pôs i prez e beldad'e loor B
e falar mui bem, e riir melhor B
que outra molher; desi é leal A
mui't, e por esto nom sei o'eu quem C
possa compridamente no seu bem C
falar, ca nom á, tra-lo seu bem, al. A

DON DINÍS DE PORTUGAL
(CBN 520 bis; CV 123)

Paráfrase:

*Quero, seguindo a moda provençal
facer agora un cantar de amor
e quereí loar moito á miña “senhor”
a quen honra e fermosura non lle faltan
nin bondade; e direivos máis sobre ela:
Fíxoa Deus tan chea de calidades
que vale máis que todas as do mundo.*

*Pois Deus quixo facer á miña “senhor” de tal xeito
cando a fixo, que a fixo coñecedora de
todo ben e de gran valor,
e ademais é moi sociable
cando debe; tamén lle deu bo sentido,
e fíxoa tan ben que non quixo
que outra fose igual a ela.*

*Porque na miña “senhor” nunca Deus puxo o mal,
e si puxo honra, beleza e mérito
e capacidade de falar ben e de rir mellor
que calquera outra muller; é tamén leal moito,
e por isto non sei quen hoxe
poida cabalmente das súas perfeccións
falar, xa que non existe ningunha cousa fóra delas.*

1. Contexto, autor, obra.

Dentro da lírica medieval galego-portuguesa (finais do século XII a mediados do XIV), a cantiga de amor constitúe o grupo con maior número de composicións. A cantiga de amor galega constitúe unha imitación consciente da *cançó* provençal e, así, a paixón amorosa do trovador cumpre todas as características do amor cortés, dende a total submisión á dama ata o tópico de morrer de amor. A dama descríbese como un ser case sobrenatural, perfecto na orde moral e física. O que padece de amor ha de gardar sobre todo a virtude da mesura: discreción, humildade, fidelidade e servizo permanente á súa “senhor”.

Entre os trovadores do período dionisiaco destaca o propio rei don Dinís, o máis fecundo dos nosos trovadores: 76 cantigas de amor, 52 de amigo, 10 de escarnio e maldicir e 3 pastorelas. As súas composicións están recollidas no Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, tamén chamado Colocci-Brancuti; no Cancioneiro da Vaticana, e tamén no Pergamiño Sharrer, datado a finais do século XIII ou comezos do XIV, que contén sete cantigas de amor de D. Dinís con inclusión da música.

2. Temática.

O trovador quere facer un canto de amor –a imitación dos provençais– para loar a súa dama e describela case como un ser perfecto na orde moral e física. A mesura impídelle pronunciar o nome desta, polo que o substitúe por un “senhal” (*mia senhor*). O poeta débelle submisión e homenaxe á súa amada, que aparece descrita coas calidades e virtudes da *fermosura*, *bondade*, *coñecemento de todo ben*, *gran valor*, *sociabilidade*, *honradez*, *beleza*, *falar ben*, *rir mellor*, *lealdade*... En definitiva, *vale máis que todas as do mundo, tanto que Deus non quixo que ningunha outra fose igual a ela*.

Nesta cantiga, non hai máis que a loa ou gabanza da amada. Non se desenvolve o mundo das relacións home/muller, nin sequera concibidas como algo que nunca se poderá realizar. Polo tanto, non temos outros motivos temáticos, como podería ser a coita (o amor como fonte de sufrimento).

3. Forma.

As diferenzas entre a cantiga de amor galego-portuguesa e a *canção* débense sobre todo ao influxo que exerceu sobre a lírica trobadoresca o lirismo popular autóctono. E unha das súas manifestacións témola na existencia de cantigas de amor de refrán. Mais neste caso estamos ante unha cantiga de mestría, xa que non existe o refrán, de acordo coas intencións do poeta.

Está formada por tres estrofas (cobras) de sete versos cada unha delas (palabras). Os versos son decasílabos. A rima é consoante macho, xa que os versos rematan en sílaba aguda. As estrofas manteñen un único esquema de rimas, polo que reciben o nome de unisonantes.

Nesta cantiga os procedementos formais que podemos apreciar son aqueles que consisten na repetición dunha mesma palabra ou grupo de palabras en lugares simétricos dentro da mesma estrofa, o **dobre**, como en:

Ca mia senhor nunca Deus pôs mal,
mais pôs i prez e beldad'e loor
e **falar** mui bem, e riir melhor
que outra molher; desi é leal
muit', e por esto nom sei o'eu quem
possa compridamente no seu bem
falar, ca nom á, tra-lo seu bem, al.

O **mordobre** é outro artificio que consiste na reprodución dun mesmo lexema con variación de sufixos; en moitos casos trátase de diferentes formas dun verbo.

Quer'eu em maneira de proença fazer
agora um cantar d'amor
e **querrei** muit'i loar mia senhor
a que prez nem fremosura nom fal, nem
bondade; e mais vos direi ém: tanto a fez
Deus comprida de bem que mais que
todas las do mundo val.

Ca mia senhor quizo Deus **fazer** tal,
quando a **faz**, que a **fez** sabedor
e todo bem e de mui gram valor, e
com tod'est[o] é mui comunal ali u
deve; er deu-lhi bom sém, e desi
nom lhi **fez** pouco de bem
quando nom quis lh'outra foss'igual

4. Conclusión.

Nesta **cantiga de amor**, o trobador loa a dama, a súa “senhor”, e descríbea como un ser perfecto, único. O poeta atópase na escala máis baixa do proceso amoroso, polo que o que máis destaca nel é a discreción, a fidelidade e o servizo permanente á súa señora. Estamos ante a sublimación e idealización do amor.

Podemos clasificala dentro das cantigas de amor **de mestría**, xa que xorde como imitación do lirismo provenzal e non está influenciada polo lirismo autóctono, polo que non presenta refrán e si os artificios de repetición característicos deste xénero.